

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Presentación

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten unha ampla traxectoria dentro da nosa universidade. A principios dos 70 xa se impartían ensinanzas de Ciencias Económicas no antigo Colexio Universitario de Vigo, que en 1980 pasaría a integrarse na Universidade de Santiago de Compostela. En 1990 segrégase no Campus de Vigo, o que suporá o nacemento da Universidade de Vigo.

No curso 1991/92 iníciase a docencia das licenciatutras de Ciencias Económicas e de Ciencias Empresariais no edificio actual, rexistrándose dos procesos de reforma dos seus plans de estudios nos anos 1995 e 2002. A raiz da promulgación do RD 1393/2007 spbre ordenación das ensinanzas universitarias ponse en marcha o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, de tal xeito que, para o curso académico 2009/10, comezarán a impartirse as titulacións de Grao en Adeministración e Dirección de Empresas e en Economía ás que se refiren estas guías.

Persíguese con elo ofertar unhas titulacións máis adaptadas ao contexto actual, cunha adaptación das metodoloxías docentes orientadas cara a aprendizaxe do alumnado e o desenvolvemento das súas capacidades.

Localización

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo está no Campus de Lagoas/Marcosende, aproximadamente a 15 km. de la ciudad.

En caso de precisar información é posible contactar a través das seguintes vías:

Correo - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus de Lagoas-Marcosende, s/n, 36310 VIGO

Teléfono - 986812400 (Centralita/Conserxería)

986 812403 (Secretaría de Alumnado)

986 812402 (Secretaría do Decanato)

Fax- 986812401

Correo electrónico - secfcee@uvigo.es (Secretaría de Alumnado)

sdfcee@uvigo.es (Secretaría do Decanato)

Web - http://fccee.uvigo.es/

Infraestructuras y Servicios

A Facultade conta cunha importante dotación de infraestructuras destinadas a dar soporte ás actividades de investigación,

docencia e extensión universitaria. Resumidamente, hai 15 aulas de docencia, 13 aulas-seminario, 6 aulas de informática e un aula informática de libre acceso. Adicionalmente dispón dun salón de actos cun aforo aproximado dunhas 550 persoas , un salón de graos para 60-80 personas, biblioteca con 400 postos de lectura e cafetería-comedor.

A continuación desglósase a información sobre servicios importantes para o alumnado:

SERVICIOS OFERTADOS AOS ESTUDANTADO

- AULA INFORMÁTICA DE LIBRE ACCESO:

Ordenadores a disposición dos alumnos con aplicaciones de uso corriente, acceso a Internet e posibilidade de impresión de documentos

- REDE INALÁMBRICA:

Acceso WIFI a Internet en toda a Facultade.

- REPROGRAFÍA:

Fotocopias, encuadernacións, transparencias, impresión de documentos, material de estudio, etc...

Horario regular : Mañá de 9 a 14 h. - Tarde de 15:45 a 18:00 h.

- CAFETERÍA E COMEDOR:

Servicio de cafetería completo, almorzos e comidas con menús do día.

Horario SS.Cafetería: De 8:45 a 21 h.

Horario SS.Comedor: De 13 a 15:30 h.

- SERVICIOS ADMINISTRATIVOS:

Servicios de xestión do alumnado (matrículas, traslados, solicitudes de validacións, emisión de títulos, etc...), asuntos económicos e secretaría do Decanato.

Horario atención ó público: De 9 a 14 h.

- BIBLIOTECA:

Servicio de asesoramento e empréstito bibliográfico, salas de estudio e lectura e consulta bases de datos.

Para o servicio de empréstito requírese carnet de biblioteca.

Dotacións: 414 postos de lectura e estudio.

2 postos consulta bases de datos.

29.000 volumes aprox. (libros, informes, etc.)

560 títulos de publicacións periódicas:

330 revistas e 230 estatísticas.

Horario : De 8:45 a 20:45 h.

Equipo decanal

Decano: Miguel Ángel Crespo Domínguez

Secretaria: Raquel Díaz Vázquez

Vicedecana de Calidade: Rocío Rodríguez Daponte

Vicedecano de coordinación: Santiago Gómez Fraiz

Vicedecano de Organización Académica: Fernando Comesaña Benavides

Vicedecana de Relacións Internacionais: Mª Jesús Fernández Arias

PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito

Materias

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V03G720V01211	Dereito: Dereito constitucional II	1c	6
V03G720V01212	Dereito: Introdución ao dereito civil e dereito da persoa	1c	6
V03G720V01213	Empresa: Matemática das operacións financeiras	1c	6
V03G720V01214	Econometría	1c	6
V03G720V01215	Macroeconomía	1c	6
V03G720V01216	Dereito da Unión Europea	1c	6
V03G720V01221	Empresa: Contabilidade financeira I	2c	6
V03G720V01222	Dereito penal I	2c	9
V03G720V01223	Dereito civil I. Obrigas e contratos	2c	6
V03G720V01224	Dereito internacional público	2c	9
V03G720V01225	Políticas económicas	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dereito: Dereito constitucional II				
Materia	Dereito: Dereito constitucional II			
Código	V03G720V01211			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Gregores Villaverde, Maria Jose			
Profesorado	Gregores Villaverde, Maria Jose			
Correo-e	mjgv@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O alumnado deberá alcanzar unha visión comprensiva do conxunto dos dereitos fundamentais e as liberdades recoñecidos na Constitución española, dos procedementos que os garanten e dos medios institucionais e xurídicos para o seu salvagarda así como para a defensa da Constitución en xeral.			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O alumnado deberá alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos dereitos fundamentais e as liberdades recoñecidas na constitución española, dos procedementos que os garantizan, así como dos medios institucionais e xurídicos para a súa salvagarda	A2 A3 A5

Contidos	
Tema	
Dereitos fundamentais. Orixe e evolución.	Os dereitos e liberdades fundamentais Orixe dos dereitos fundamentais Significado e evolución. Dereitos fundamentais e Estado Constitucional
O sistema de dereitos fundamentais na Constitución española de 1978	Regulación na Constitución Significado e valor Artigo 10 CE Concepto Tipoloxía Contido Límites Interpretación Garantía
O significado do Capítulo 1º do Título I da CE de 1978	Capítulo 1º do Título I da CE Presupostos previos exercicio pleno de dereitos Minoría de edad Españois e estranxeiros Asilo e extradición
Os dereitos da Sección 1ª do Capítulo 2º do Título I da CE de 1978	Igualdade Dereitos da Sección 1ª do Capítulo 2º do Título I: Importancia Carácter Os distintos dereitos As súas garantías

Os dereitos da Sección 2ª do Capítulo 2º do Título I da CE de 1978	Importancia Carácter Os distintos dereitos As súas garantías
Os principios reitores da política social e económica.	Natureza e significado Tipoloxía Alcance
As garantías das liberdades e dos dereitos fundamentais.	Sistema de garantías Niveles de protección Garantías obxectivas Garantías subxectivas
Xustiza constitucional: Caracteres e significados xerais da xustiza constitucional	Caracteres e significado xeral do control da constitucionalidade
Xurisprudencia constitucional e interpretación da Constitución	Tribunal constitucional e interpretación da Constitución Especial referencia á interpretación constitucional dos Dereitos Fundamentais
Suspensión dos dereitos fundamentais.	Suspensión individual e suspensión xeral. O Estado de excepción. Consideración constitucional e xurídica.
O Tribunal Constitucional (I): composición, competencias e procedementos.	Composición Tribunal Constitucional Competencias Enumeración de procedementos
Tribunal Constitucional(II): Dereitos fundamentais, poderes do Estado e organización territorial	O tribunal Constitucional e a protección dos dereitos fundamentais. Especial referencia recurso de amparo. O Tribunal Constitucional e a división de poderes O Tribunal Constitucional e a organización territorial do Estado Outros aspectos e funcións do Tribunal constitucional
Reforma Constitucional	A reforma na Constitución de 1978 Funciones Procedementos Reforma e dereitos fundamentais
Constitución, Dereito Constitucional e unidade económica. Unión Europea e Dereito Internacional.	Constitución Dereito Constitucional DDFF e Convenios Internacionais Dereitos Humnaos O CEDH e o TEDH O TJUE e a CDFUE Outros organismos internacionais protectores dereitos humanos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	10	20	30
Traballo tutelado	5	10	15
Lección maxistral	36	63	99
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Autoavaliación	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Lectura e análise de documentos xurídicos ou un feito, problema ou casos prácticos reais coa finalidade de que o alumno complete coñecementos, reflexións sobre o particular e interprete e xere as hipóteses que considere oportunas. O estudante desenvolverá exercicios ou proxectos na aula baixa as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante. Poderanse incluír probas obxetivas de preguntas cortas o tipo test para comprobar estes obxectivos e que os estudantes sepan autoevaluarse, e tamén exposicións e debates por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... xa sexa de maneira individual ou en grupo.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos referentes á materia obxecto de estudo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Estudo de casos	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados de tutorías de despacho).
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Avaliarase a resolución de casos relacionados coa materia e as prácticas. Avaliaranse os diversos exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante. Utilizaranse para medir o grao de coñecemento das materias.	10	A2 A3
Traballo tutelado	Avaliarase o nivel de visión e comprensión dos dereitos fundamentais e das libertades recoñocidas na Constitución española, e dos procedimentos que os garantizan, reflectido nos traballos	10	A2 A3 A5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación do resultado final de aprendizaxe mediante o desenvolvemento de pregunta/s sobreos contidos da materia.	70	A5
Autoavaliación	Avaliación do resultado de aprendizaxe mediante o desenvolvemento de probas obxetivas, cortas o tipo test, sobre os contidos da materia autocorrexidas o por os seus compañeiros coa finalidade de ser capaces de desenvolver criterios para a sua avaliación.	10	A2 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

Sempre será condición imprescindible para contabilizar a avaliación continua obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba de desenvolvemento de resposta/s longa/s.

PRIMEIRA CONVOCATORIA: A avaliación continua supón un 30 % sobre o total da cualificación final e o exame suporá o 70 % restante. O exame consistirá nunha proba de desenvolvemento de pregunta/s sobre o contido da materia.

Aqueles alumnos que, por circunstancias excepcionais persoais ou profesionais, non poidan participar de maneira presencial nalgunha/s da/s sesión/s é práctica/s no desenvolvemento do curso poderán, a xuízo do profesor, presentar un traballo acorde á/s práctica/s correspondente/s.

Aqueles alumnos que non sigan durante o curso o sistema de avaliación continua ou que non o superaron terán dereito a un exame final que implicará o desenvolvemento por escrito de pregunta/s longa/s do programa que suporá o 70% da nota (deberán obter nesta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10), e a realización dun suposto práctico que suporá o 30% da cualificación restante.

NA SEGUNDA CONVOCATORIA:

a) A os alumnos que, superando a avaliación continua non alcanzasen un cinco no exame de preguntas de desenvolvemento na primeira convocatoria, conservaráselles a nota da evaluación continua e realizaráselles un exame similar ao da primeira convocatoria.

b) Os alumnos que non sigan no desenvolvemento do curso a avaliación continua ou que non a superaron, terán dereito a un exame final que constará de dous partes: unha teórica de pregunta/s de desenvolvemento sobre o contido do programa que suporá o 70 % da nota (deberán obter nesta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10) así como a realización dun suposto práctico que suporá o 30% da cualificación restante.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA: A avaliación farase mediante un exame final que constará de dous partes: unha teórica, de pregunta/s de desenvolvemento sobre o contido do programa que suporá o 70 % da nota (deberán obter nesta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10), e por outra banda a realización dun suposto práctico que suporá o 30% da cualificación restante.

NOTA:No caso de superar a avaliación continua pero non aprobar a materia, conservarase para o seguinte curso académico a nota da avaliación continua obtida no ano anterior se se comunica ao profesor o seu desexo de conservarla.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Diez-Picazo Giménez, L. Mª., **Sistema de Derechos fundamentales**, 5ª, Tirant Lo Blanch, 2021

López Guerra, L.; Espín, E., y otros, **Derecho Constitucional (2 vols)**, 11ª, Tirant lo Blanch, 2018

Agudo Zamora, M., y otros, **Manual de Derecho Constitucional**, 11ª, Tecnos, 2020

Rodríguez- Zapata, J., **Teoría y Práctica del Derecho Constitucional**, 4ª, Tecnos, 2018

Base de datos Tirant on line, **Tirant on Line**,

Bibliografía Complementaria

Castellá Andreu, J. Mª, **Derecho Constitucional Básico**, 4ª, Huygens, 2018

De Vega, P., **La reforma constitucional y la problemática del poder constituyente**, 1ª, Tecnos, 2000

Pérez Tremps, Pablo, **Las reformas constitucionales hechas y no hechas**, 1ª edición, Tirant lo Blanch, 2018

Ruipérez Alamillo, Javier, **En torno a la reforma constitucional y la fuerza normativa de la Constitución**, 1ª edición, Tirant lo Blanch, 2018

Villanueva Turnes, A. (Coord.), **Derechos Fundamentales: Aspectos básicos y actuales**, 1ª. edición, Andavira, 2017

Ferrer Mac Gregor, Eduardo; Herrera García, Alfonso (Coords), **El diálogo entre el Tribunal de Derechos Humanos, los Tribunales Constitucionales y otros órganos jurisdiccionales en el espacio convencional europeo**, 1ª edición, Tirant lo Blanch, 2013

García Roca, Javier; Santolaya Machetti, Pablo (Coords.), **La Europa de los Derechos El Convenio Europeo de Derechos Humanos**, 3ª edición, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2014

García Roca, Javier; Carmona Cuenca, Encarna (Editores), **¿Hacia una globalización de los derechos? El impacto de las sentencias deel Tribunal Europeo y de la Corte Interamericana**, 1ª edición, Instituto de Derecho Parlamentario Thomson Reuters, 2017

Revista española de Derecho Constitucional, **Revista española de Derecho Constitucional**, CEPC,

Teoría y Realidad Constitucional, **Teoría y Realidad Constitucional**, UNED,

Portero Molina, J.A., **Constitución y jurisprudencia constitucional**, Tirant lo Blanch,

Base de datos Aranzadi-derecho, **Aranzadi**,

Código de derechos fundamentales, **Civitas**, 2015, Civitas, 2015

Código, **Leyes pollíticas del Estado**, última, Civitas,

www.congreso.es, **www.congreso.es**,

www.tribunalconstitucional.es, **www.tribunalconstitucional.es**,

www.senado.es, **www.senado.es**,

www.boe.es, **www.boe.es**,

www.cepc.es, **www.cepc.es**,

Tribunal europeo de derechos humanos, **www.derechoshumanos.net/tribunales/TribunalEuropeoDerechosHumanos-TEDH.htm**,

Tribunal de Justicia de la Unión Europea, **https://curia.europa.eu/jcms/jcms/j_6/es/**,

Pérez Tremps, P.; Saiz Arnaiz; A., **Comentario a la Constitución Española libro-homenaje a Luis López Guerra. 40 aniversario 1978-2018**, 1ª, Tirant lo Blanch, 2018

Rodríguez-Piñero y Bravo-Ferrer y Casas Baamonde., Mª Emiia, **COMENTARIOS A LA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA XL Aniversario de la Constitución española**, 1ª, coedición de la AEBOE con la Fundación Wolters Klu, 2018

Bilbao Ubilllos, J.mª.; Rey, Fernando; Vidal, J., **Lecciones de Derecho Constitucional II**, 2ª, Aranzadi, 2018

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito da Unión Europea/V08G081V01304
Constitución económica/V08G081V01946

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional I/V08G081V01103

Outros comentarios

Esta materia no PCEO en Administración e Dirección de empresas - Grado en Dereito se imparte no primeiro cuatrimestre do segundo Curso e a Profesora responsable e coordinadora da materia e María José Gregores Villaverde (mjgv@uvigo.es)

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dereito: Introdución ao dereito civil e dereito da persoa				
Materia	Dereito: Introdución ao dereito civil e dereito da persoa			
Código	V03G720V01212			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Estévez Abeleira, Teresa Dolores			
Profesorado	Estévez Abeleira, Teresa Dolores			
Correo-e	estevez.abeleira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia impartida no segundo cuadrimestre do 1º curso do Grao de Dereito na Facultade CCXX e do Traballo. Trátase dunha materia de formación básica que achega ao alumno ao concepto de Dereito civil, a persoa física e a persoa xurídica, as cousas e o patrimonio así como aos dereitos subxectivos. Permite coñecer institucións xurídicas esenciais no Dereito civil.			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Trátase de que o/a alumno/a coñeza institucións xurídicas esenciais no Dereito civil, partindo do concepto do Dereito para, a continuación, centrarse no Dereito civil como Dereito privado xeral, a persoa física e xurídica, as cousas, o patrimonio, os dereitos subxetivos así como o negocio xurídico	A2 A3 A4 A5

Contidos	
Tema	
Tema I: O Dereito civil.	O Dereito e as súas clasificacións. Concepto de Dereito civil. O Código civil: sistemática, estrutura e contido. O Título Preliminar do Código civil: especial consideración da interpretación das normas. A lexislación civil especial. Formación histórica do Dereito civil.
Tema II: A codificación e os Dereitos civís territoriais	A codificación e a progresiva descodificación. Os Dereitos civís territoriais e o Código civil. O Dereito civil de Galicia. Lexislación civil especial de Galicia.
Tema III: A persoa, en xeral.	Dereito civil e Dereito da persoa. Concepto e clases de persoa. Capacidade xurídica. Os Dereitos da personalidade: consideracións xerais. En particular: O Dereito á vida e á integridade física. O Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe.
Tema IV: A persoa física.	Comezo da personalidade: o nacemento. A protección xurídica do nasciturus. Fin da personalidade: a morte. A maioría de idade. A menor idade: capacidade de obrar e responsabilidade. A emancipación.

Tema V: Da incapacitación ao apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.	Cambio de sistema: A incapacitación xudicial dá paso a un sistema de apoios baseado no respecto á vontade, desexos e preferencias das persoas con discapacidade. Medidas de apoio: Preventivas (os poderes preventivos, a autocuratela e as medidas contidas en documentos de vontades anticipadas) e institucións de apoio (a garda de feito, o defensor xudicial e a curatela). Procedemento de provisión de apoios. A prodigalidad: procedemento e efectos.
Tema VI: A nacionalidade e a veciñanza civil.	A nacionalidade: concepto. Adquisición da nacionalidade española: adquisición orixinaria (atribución e dereito de opción) e non orixinaria (dereito de opción, carta de natureza, residencia). A consolidación da nacionalidade española. Perda da nacionalidade española. Recuperación da nacionalidade española. Dobre nacionalidade. Proba da nacionalidade española. A veciñanza civil: concepto e réxime xurídico (adquisición, perda e proba).
Tema VII: O domicilio.	Concepto e significado. Clases de domicilio. Pluralidade de domicilios e falta de domicilio. A ausencia: concepto e relevancia xurídica. A defensa do desaparecido. A ausencia non declarada no Dereito civil galego. A ausencia legal: requisitos, efectos e terminación. A declaración de falecemento: requisitos, efectos e cesación.
Tema VIII: O Rexistro Civil.	O Rexistro civil: concepto, significado e lexislación. Características xerais. Feitos inscribibles. Principios do Rexistro civil. Estrutura do Rexistro civil. Títulos que acceden ao Rexistro civil, control de legalidade. Asentos do Rexistro civil. Publicidade do Rexistro civil.
Tema IX: A persoa xurídica.	Concepto, función e significado. Abuso da persoa xurídica e levantamento do veo. Clases de persoas xurídicas. Constitución, adquisición e extinción da personalidade. Capacidade da persoa xurídica. Representación, domicilio e nacionalidade. Extinción da persoa xurídica. A asociación: concepto e regulación. Órganos. A fundación: concepto e regulación. Constitución da fundación. Órganos. Extinción e liquidación.
Tema X: Feitos, actos e negocios xurídicos. A representación.	O feito xurídico e o acto xurídico. O negocio xurídico: concepto e clases. Elementos esenciais do negocio xurídico: obxecto, causa, forma e declaración de vontade. Elementos accidentais do negocio: condición, termo e modo. Os vicios da vontade. Ineficacia do negocio xurídico. A representación: concepto e clases. Apoderamiento e ratificación.
Tema XI: O dereito subxectivo.	Dereito subxectivo e relación xurídica: concepto. O Dereito subxectivo: clasificación. Exercicio dos dereitos subxectivos. Límites dos dereitos subxectivos: clasificación. A boa fe. O abuso do dereito. A doutrina dos propios actos. Límitaciones temporais: a prescrición e a caducidade.
Tema XII: As cousas.	Concepto e requisitos. Clasificación. Bens de dominio público e de propiedade privada. O patrimonio.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	36	36	72
Estudo de casos	13	13	26
Presentación	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	17	18
Exame de preguntas obxectivas	2	16	18
Estudo de casos	1	10	11
Traballo	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o estudante.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos e diagnosticalo.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Lección maxistral	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para o asesoramiento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Atención a preguntas e dúbidas formuladas polo alumno nas titorías da materia. Non debe confundirse a atención personalizada coa titoría académica (no Plan de Acción Tutorial).
Estudo de casos	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para o asesoramiento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Atención a preguntas e dúbidas formuladas polo alumno nas titorías da materia. Non debe confundirse a atención personalizada coa titoría académica (Plan de Acción Tutorial).
Presentación	Actividade académica desenvolvida polo profesorado que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa elaboración e exposición ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. Non debe confundirse atención personalizada con tutoría académica (no Plan de Acción Tutorial).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba que inclúe preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada.	50	A2 A4 A5
Exame de preguntas obxectivas	Probas parciais non liberatorias que avalúan os coñecementos que ten o alumnado sobre a materia que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades	20	A2 A4 A5
Estudo de casos	Realización dos casos prácticos plantexados na aula, que se realizarán de forma individual ou en grupo, segundo a proposta do/a profesor/a. Para a avaliación dos casos prácticos é obrigatoria a asistencia mínima ao 80% das sesións, a participación activa e a entrega das tarefas correspondentes ás semanas de asistencia. Inclúese tamén a realización polo alumnado dos traballos voluntarios propostos polo/pola profesor/a e as tarefas complementarias	20	A2 A3 A4 A5
Traballo	Texto elaborado en grupo sobre un tema do programa da materia que debe redactarse según unhas normas establecidas e que debe presentarse por tódolos/as integrantes do grupo na aula ante o/a profesor/a da materia e o alumnado nas datas sinaladas. A no exposición do traballo polo/a alumno/a que participara na elaboración escrita do mesmo impide a súa evaluación, de manera que o/a alumno/a que non exponga o traballo será calificado cun 0.	10	A2 A3 A4 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Enténdese, como regla xeral, que os/as alumnos/as optan polo sistema de evaluación continua.

O/a alumno/a que opte polo **sistema de evaluación continua**, para poder sumar a calificación da parte teórica e da parte práctica da materia deberá obter como mínimo:

- Un 4 sobre 10 no examen final de preguntas de desenvolvemento -no que é preciso obter como mínimo un 3 en cada unha das preguntas formuladas- e, además,

- Un 4 sobre 10 na parte práctica da asignatura: Estudo de casos (prácticas semanais + traballos voluntarios con o sin exposición + tarefas complementarias) + traballo obrigatorio para evaluación continua con exposición.

Os dous exames parciais non liberatorios de preguntas obxetivas teñen un valor do 20% da calificación global da materia (10% primer parcial e 10% segundo parcial); o exame final de preguntas de desenvolvemento ten un valor do 50% da

calificación global da materia; o estudo de casos (Prácticas semanais -asistencia mínima obrigatoria ao 80% das sesións + participación activa + entrega obrigatoria das tarefas das semanas de asistencia- + traballos voluntarios con o sin exposición + tarefas copmplementarias) ten un 20 % da calificación global da materia; e os traballos obrigatorios para evaluación continua realizados e expostos en grupo teñen un valor do 10% da calificación global da materia.

Para superar a materia o/a alumno/a debe obter, como nota final, unha calificación igual o superior a 5, calquera que sexa o sistema de evaluación polo que optara (evaluación continua ou evaluación no continua).

O/A alumno/a que **non se acolla ao sistema de evaluación continua** por deixala, por non poder asistir ou por cualquera outro motivo, deberá facer unha proba final integrada por un examen de preguntas de desenvolvemento en relación cos contidos da materia, en número superior ás formuladas aos/ás alumnos/as que opten polo sistema de evaluación continua, debendo obter como mínimo un 3 en cada unha das preguntas formuladas, cun valor do 70% da calificación global da materia e, ademáis, un/uns caso/casos prácticos e/o comentario/s de institución xurídica ou sentenza cun valor do 30% da calificación global da materia. O/A alumno/a, para poder sumar a calificación da parte teórica e a calificación da parte práctica do examen final deberá obter, como mínimo, un 4 sobre 10 na parte teórica do examen e un 4 sobre 10 no/s caso/casos e/ou comentario/s de institución xurídica ou sentenza.

No mesmo curso se guardarán as **notas da evaluación continua** do segundo período para xuño/xullo.

Convocatoria Fin de carrera: Os/as alumnos/as deberán facer unha proba final integrada por un examen de preguntas de desenvolvemento en relación cos contidos da materia, no que deberán obter como mínimo un 3 en cada unha das preguntas formuladas, cun valor do 70% da calificación e, ademáis, un/uns caso/casos prácticos e/ou comentario/s de institución xurídica ou sentenza cun valor do 30% da calificación. O/a alumno/a, para poder sumar a calificación da parte teórica e a calificación da parte práctica do examen final deberá obter, como mínimo, un 4 sobre 10 na parte teórica do examen e un 4 sobre 10 no/s caso/casos e/ou comentario/s de institución xurídica ou sentenza.

Alumnos/as con necesidades especiais: Se realizará a adaptación curricular dacordo con o suxerido polo coordinador de discapacidade según os protocolos da Universidade.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2022/2023.

A **reseña bibliográfica** que se inclúe nesta guía docente ten por obxecto facilitar aos/ás alumnos/as unha lista aberta de posibles manuais sobre os contidos da materia, cun carácter meramente informativo, aos que poidan acudir para completar as explicacións que proporcione o/aa profesor/a na aula.

Se recuerda a todo o alumnado a **prohibición do uso de dispositivos móbiles en probas evaluables**, en cumplimiento do artigo 13.2.d) do Estatuto del Estudiante Universitario, relativo aos deberes do estudiantado universitario, que establece o deber de "Abstenerse de la utilización o cooperación en procedimientos fraudulentos en las pruebas de evaluación, en los trabajos que se realicen o en documentos oficiales de la universidad".

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

LASARTE, C., **Principios de Derecho civil, Tomo I**, last edition,

O`CALLAGHAN, X., **Compendio de Derecho Civil, tomo I**, last edition,

DÍEZ-PICAZO, L./GULLÓN, A., **Sistema de Derecho civil, volumen I**, last edition,

ALBALADEJO, M., **Derecho civil, tomo I**, last edition,

Código civil, last edition,

Bibliografía Complementaria

Ley 2/2006, de 14 de junio, de Derecho civil de Galicia, last edition,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito civil I. Obrigas e contratos/V08G081V01301
Dereito civil II. Dereitos reais/V08G081V01404
Dereito civil III. Familia e sucesións/V08G081V01501

Outros comentarios

O alumnado deberá dispor, a partir da segunda semana de docencia da materia, dun Código civil e da Lei 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito civil de Galicia.

Como soporte á docencia, se utilizará a plataforma MooVi.

Esta materia será impartida no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito no 1º cuadrimestre do 2º curso pola profesora Teresa Estévez Abeleira e polo profesor Miguel Meleiro.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Empresa: Matemática das operacións financeiras				
Materia	Empresa: Matemática das operacións financeiras			
Código	V03G720V01213			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Rodríguez Parada, Sonia Margarita			
Profesorado	Rodríguez Parada, Sonia Margarita			
Correo-e	srparada@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/ Curso MOF Virtu@l			
Descrición xeral	Matemática das operacións financeiras é unha materia que introduce ao estudante na lóxica da valoración financeira. O seu estudo resulta fundamental para a toma de decisións e a correcta interpretación da información no ámbito das finanzas e a contabilidade. Baixo o principio básico do valor do diñeiro no tempo, o estudante coñece e aplica a metodoloxía matemático-financeira á análise das operacións financeiras máis frecuentemente contratadas.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Empregar as ferramentas de valoración financeira máis apropiadas para a resolución dos problemas expostos	
Mostrar fluidez na resolución dos problemas financeiros básicos e interpretar correctamente os seus resultados	
Utilizar, de forma adecuada, vocabulario e simboloxía matemático-financeira	
Xulgar a consistencia dos seus resultados	
Resolver cuestións financeiras mediante o uso da folla de cálculo	
Organizar de forma eficiente a aprendizaxe	
Identificar o campo de aplicación xeral da Matemática financeira	
Distinguir os aspectos esenciais das operacións financeiras	
Aplicar a lóxica da valoración financeira a novas operacións	
Manexar fontes de información económico-financeira fiables e actualizadas	
Incorporar a retroalimentación personalizada para consolidar o seu proceso de aprendizaxe	
Mostrar unha actitude respectuosa cos demais e consigo mesmo no seu proceso de aprendizaxe	
Realizar actividades que se propoñen de forma voluntaria para a súa autoevaluación	

Contidos
Tema

1. Conceptos básicos: lóxica da valoración financeira e operación financeira	1.1. Valor do diñeiro no tempo 1.2. Capital financeiro 1.3. Comparación e elección de capitais financeiros 1.4. Lei financeira 1.4.1. Lei financeira de capitalización 1.4.2. Lei financeira de desconto 1.5. Suma financeira de capitais financeiros 1.6. Operación financeira 1.6.1. Concepto 1.6.2. Elementos 1.6.3. Clasificación 1.7. Reserva matemática nunha operación financeira 1.7.1. Concepto 1.7.2. Métodos de cálculo 1.8. Principios lóxicos de valoración financeira 1.8.1. Subestimación de capitais futuros respecto dos presentes de igual contía 1.8.2. Proxección ou substitución financeira para capitais financeiros 1.8.3. Produtividade nominal 1.8.4. Equivalencia en toda operación financeira
2. Operacións financeiras de capitalización	2.1. Leis financeiras de capitalización 2.2. Capitalización simple 2.2.1. Concepto 2.2.2. Formulación matemática 2.2.3. Interese simple 2.2.4. Tipos de interese 2.2.5. Liquidación de intereses nunha conta corrente 2.3. Capitalización composta 2.3.1. Concepto 2.3.2. Formulación matemática 2.3.3. Interese composto 2.3.4. Tipos de interese 2.4. Comparación de montantes en capitalización simple e composta 2.5. Reserva matemática dunha operación financeira de capitalización 2.5.1. Cálculo polo método retrospectivo 2.5.2. Cálculo polo método prospectivo 2.6. Tipo de interese e inflación
3. Operacións financeiras de desconto	3.1. Leis financeiras de desconto 3.2. Desconto simple comercial 3.2.1. Concepto 3.2.2. Formulación matemática 3.2.3. Desconto simple 3.2.4. Tipos de desconto 3.3. Desconto bancario 3.3.1. Concepto 3.3.2. Modalidades 3.3.3. Desconto dun efecto 3.3.4. Desconto dunha remesa de efectos 3.4. Vencimientos 3.4.1. Vencimiento común 3.4.2. Vencimiento medio

4. Rendas financeiras certas	4.1. Concepto 4.2. Elementos dunha renda 4.3. Tipos de rendas 4.4. Valoración financeira dunha renda 4.4.1. Valor actual 4.4.2. Valor final 4.4.3. Relación entre valor actual e valor final 4.5. Valoración de rendas constantes 4.5.1. Rendas temporais 4.5.2. Rendas perpetuas 4.6. Valoración de rendas variables 4.6.1. Rendas temporais 4.6.2. Rendas perpetuas 4.7. Rendas financeiras equivalentes 4.8. Rendas valoradas a tipo de interese variable
5. Operacións financeiras de préstamo	5.1. Concepto 5.2. Clasificación 5.3. Tipos de interese 5.4. Formas de amortizar un capital 5.4.1. Amortización a prazo fixo 5.4.2. Amortización normal ou americana 5.4.3. Amortización sucesiva 5.5. Métodos de amortización sucesiva: casos particulares 5.5.1. Método de amortización francés 5.5.2. Método de amortización con termos crecentes en progresión xeométrica 5.5.3. Método de amortización italiano 5.6. Préstamos con carencia 5.7. Préstamos con cancelación anticipada 5.8. Préstamos indizados
6. Operacións financeiras de constitución	6.1. Concepto 6.2. Clasificación 6.3. Formas de constituír un capital 6.4. Casos particulares en modalidade prepagable 6.4.1. Termos constitutivos constantes 6.4.2. Termos constitutivos crecentes en progresión xeométrica 6.4.3. Cotas de constitución constantes 6.5. Casos particulares en modalidade pospagable 6.5.1. Termos constitutivos constantes 6.5.2. Termos constitutivos crecentes en progresión xeométrica 6.5.3. Cotas de constitución constantes
7. Custo e rendemento das operacións financeiras	7.1. Operacións financeiras simples 7.2. Operacións financeiras compostas

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	40	62.5
Resolución de problemas	22.5	45	67.5
Resolución de problemas de forma autónoma	5	5	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	2.5	7.5	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Explicación dos contidos máis relevantes e de maior dificultade conceptual. Selección de exemplos para clarificar conceptos.
Resolución de problemas	Resolución de problemas sobre operacións financeiras, tutelada polo profesorado, a procura dunha actitude proactiva entre o alumnado, que lle permita ir avanzando en contidos matemático-financeiros de dificultade progresiva até alcanzar autonomía de resolución.

Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se resolven problemas e/ou exercicios teórico-prácticos de lóxica financeira. Utilízase o recurso didáctico MOF Virtu@l, accesible na plataforma Moovi, especificamente deseñado para desenvolver a análise e a resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Cada unidade didáctica do programa finaliza cun test de autoevaluación, que permite ao alumnado recibir retroalimentación personalizada ao seu nivel de progreso na materia. Ademais, si opta por avaliación continua, poderá realizar dúas probas básicas, á metade e ao final do cuadrimestre, que representan conxuntamente o 50% da nota da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas de forma autónoma	AVALIACIÓN CONTINUA: Proba da primeira parte do temario. Proba da segunda parte do temario. En ambas as probas, o nivel de competencias avaliadas é básico.	50	
Resolución de problemas e/ou exercicios	EXAME FINAL: Proba presencial, na data oficialmente establecida. Avalíase a adquisición de competencias de coñecemento, a destreza na práctica e a aplicación da lóxica financeira a novas situacións. Consta de tres niveles: básico, intermedio e avanzado.	50	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na primeira sesión do cuadrimestre coméntanse os resultados de aprendizaxe que se pretenden alcanzar, así como a planificación semanal das distintas etapas de aprendizaxe. Preséntase a ferramenta de aprendizaxe MOF Virtu@l, accesible na plataforma Moovi, e se orienta sobre o seu manexo básico e todos os recursos didácticos dispoñibles.

O alumnado pode aprobar a materia optando exclusivamente polo sistema de avaliación continua. Para subir nota deberá presentarse ao exame final, realizando exclusivamente os seus niveis intermedio e avanzado. De forma alternativa, tamén pode optar por realizar exclusivamente o exame final, que suporá o 100% da súa cualificación, realizando os seus niveis básico, intermedio e avanzado.

Ambas as alternativas de avaliación mantéñense na primeira e segunda convocatorias. Non así na convocatoria de fin de carreira, na que o exame suporá o 100% da cualificación.

As datas dos exames da materia poden ser consultadas na páxina web da Facultade: http://fccee.uvigo.es

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Rodríguez Parada, S. M., **MOF Virtu@l: un recurso para el aprendizaje colaborativo. Curso en línea. Plataforma Moovi**, 2022

Pablo López, A. de, **Matemática de las operaciones financieras I y II**, 2000

Pablo López, A. de, **Manual práctico de Matemática comercial y financiera. Tomos I y II.**, 2001

Bibliografía Complementaria

Guthrie, G. L. & Lemon, L. D., **Mathematics of Interest Rate and Finance**, 2004

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Decisións de investimento/V03G020V01402

Outros comentarios

Esta materia impártese no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas - Grao en Dereito, en concreto, no primeiro cuadrimestre do segundo curso.
A profesora responsable é Sonia Margarita Rodríguez Parada.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Econometría				
Materia	Econometría			
Código	V03G720V01214			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Verdugo Matés, María Victoria			
Profesorado	Verdugo Matés, María Victoria			
Correo-e	vverdugo@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/vverdugo/			
Descrición xeral	A materia encádrase no primeiro cuadrimestre do segundo curso do grao. Trátase dunha materia para alumnos que xa completaron o primeiro curso, e que por tanto posúen formación nas disciplinas de matemáticas e estatística, un coñecemento básico das cales é moi importante para o estudo da econometría. Deste xeito, o alumno áchase preparado para abordar unha materia de análise como é a econometría, na que empregar os seus coñecementos estatísticos para construír modelos econométricos xenerais, que son aplicables en principio ao estudo e resolución de problemas dunha ampla variedade de materias relacionadas coa titulación.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprensión das técnicas *econométricas básicas desde un punto de vista teórico e aplicado.	
Manexo das técnicas e ferramentas básicas para a cuantificación das relacións entre variables relevantes do mundo económico e empresarial.	
Habilidades para a resolución de problemas de maneira eficaz, así como para a argumentación rigorosa e *inteligible.	

Contidos	
Tema	
1. Modelización econométrica.	Definición e obxectivos do modelo econométrico. Deseño e construción do modelo econométrico.
2. Modelo de Regresión Lineal Clásico (MRLC).	Especificación do modelo. Hipóteses básicas do modelo. Estimación e interpretación dos coeficientes estimados. Propiedades dos estimadores. Bondade de axuste. Contrastes de hipóteses. Predición. Outras cuestións relacionadas co Modelo de Regresión Lineal Clásico (MRLC).
3. Incumprimento das hipóteses clásicas.	Análise, Consecuencias, Diagnoses e posibles solucións se hai incumprimento das hipóteses clásicas.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	30	50
Resolución de problemas	6	15	21
Prácticas con apoio das TIC	20	28	48
Observación sistemática	2	5	7
Exame de preguntas obxectivas	2	22	24
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, complementada co uso de medios audiovisuais, así como a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Resolución de problemas	Permite ao alumnado implementar de forma efectiva os coñecementos teóricos adquiridos a partir das sesións maxistrais a través da realización de actividades tales como resolución de cuestións, exercicios e problemas. Os obxectivos desta técnica son: alcanzar unha maior competencia no manexo dos contidos aprendidos así como ilustrar as súas potenciais aplicacións.
Prácticas con apoio das TIC	Nestas sesións de laboratorio informático aplicaranse os coñecementos adquiridos nas clases teóricas e prácticas para realizar supostos prácticos coa axuda dun paquete informático econométrico. Os alumnos traballarán de forma autónoma, individualmente ou en grupo, baixo a supervisión do profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Resolveranse exercicios e problemas relacionados coa materia

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Outras evidencias de avaliación continua	30	
Observación sistemática	Outras evidencias de avaliación continua	10	
Exame de preguntas obxectivas	Control o Controis tutoriais	60	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno poderá elixir o sistema de avaliación que desexa que se lle aplique na materia, para o que deberá optar nas primeiras semanas do cuadrimestre entre avaliación continua ou exame final.

Unha vez realizada unha das probas de avaliación continua, xa sexa en clase teórica ou práctica, o alumno quedará suxeito a esa modalidade de avaliación. As datas do control o controis tutoriais incluiranse no cronograma do curso. O profesor poderá establecer unha nota mínima no control o controis tutoriais.

Como alternativa ao sistema de avaliación continua, o alumno poderá optar por ser avaliado cun único exame final que suporá o 100% da nota. Isto aplicarase tamén na convocatoria extraordinaria do curso.

Na convocatoria de fin de curso, o exame suporá o 100% da nota.

As datas de exame serán as aprobadas pola Xunta de Facultade e publicadas na páxina web da Facultade (http:fccee.uvigo.es).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Verdugo Matés, M.V. y otros, **Análisis Econométrico. Una aproximación práctica con Shazam**, Delta Publicaciones, 2006

Fernández-Jardón, C. M. y otros, **Econometría Estática Aplicada**, Tórculo, 1997

Wooldridge, J.M, **Introducción a la Econometría: Un enfoque moderno**, segunda edición, Thomson-Learning, 2003

Gujarati, **Econometría**, cuarta edición, McGraw-Hill, 2003

